

PLAN DE ACTUACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE



RISCO DE INUNDACIÓNS

ÍNDICE

1.	FUNDAMENTOS: OBXECTO E ÁMBITO	7
2.	ANÁLISE DO RISCO E VULNERABILIDADE	7
2.1.	DESCRIPCIÓN DO TERMO MUNICIPAL	7
2.1.1.	SITUACIÓN XEOGRÁFICA	7
2.1.2.	SUPERFICIE	7
2.1.3.	POBOACIÓN	7
2.1.4.	ALTITUDE.....	8
2.1.5.	HIDROLOXÍA.....	8
2.1.6.	REDE VIARIA	8
2.1.7.	REDE FERROVIARIA	9
2.1.8.	REDE DE GAS.....	9
2.1.9.	REDE ELÉCTRICA	9
2.1.10.	REDE DE AUGA POTABLE.....	9
2.1.11.	DATOS METEOROLÓXICOS.....	10
2.2.	DATOS ESPECÍFICOS ASOCIADOS AOS RISCOS	10
2.3.	RESUMO DA ANÁLISE DO RISCO	11
2.4.	ÁREAS OU SECTORES AFECTADOS	11
2.5.	ELEMENTOS VULNERABLES	13
3.	ESTRUTURA E ORGANIZACIÓN DO PLAN	12
3.1.	DIRECTOR DO PLAN DE ACTUACIÓN MUNICIPAL	12
3.2.	CoMITÉ ASESOR	13
3.3.	DIRECTOR TÉCNICO DA EMERXENCIA	13
3.4.	GABINETE DE INFORMACIÓN	14
3.5.	GRUPOS OPERATIVOS	15
3.5.1.	GRUPO LOCAL DE INTERVENCIÓN	15
3.5.2.	GRUPO LOCAL SANITARIO	15
3.5.3.	GRUPO LOCAL DE APOIO LOXÍSTICO E DE SEGURIDADE	16
3.5.3.1.	EQUIPO OPERATIVO DE APOIO LOXÍSTICO.....	17
3.5.3.2.	EQUIPO OPERATIVO DE SEGURIDADE	17
3.5.4.	GRUPO LOCAL DE APOIO TÉCNICO E REHABILITACIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS .	18
3.6.	CENTROS DE COORDINACIÓN	19

3.6.1.	CENTRO DE COORDINACIÓN OPERATIVA MUNICIPAL (CECOPAL)	19
3.6.2.	POSTO DE MANDO AVANZADO (PMA)	20
3.6.3.	CENTRO DE COORDINACIÓN OPERATIVA (CECOP).....	20
3.6.4.	OUTROS CENTROS.....	20
4.	OPERATIVIDADE E IMPLANTACIÓN DO PLAN	10
4.1.	NIVEIS	10
4.2.	CRITERIOS DE ACTIVACIÓN	11
4.3.	PROCEDEMENTOS XERAIS	23
4.3.1.	ACTUACIÓNS XERAIS	23
4.3.2.	PROCEDEMENTOS DE ACTIVACIÓN. INTERFACE CON PLANS SUPERIORES	23
4.3.3.	PROCEDEMENTOS DE ACTIVACIÓN	23
4.3.3.1.	PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓN	24
4.3.3.2.	ACTUACIÓN DOS GRUPOS OPERATIVOS	24
4.3.4.	SISTEMAS DE AVISO Á POBOACIÓN	24
4.3.5.	MEDIDAS DE PROTECCIÓN DA POBOACIÓN	25
4.3.5.1.	CONFINAMENTO	25
4.3.5.2.	EVACUACIÓN E ACOLLIDA.....	25
4.3.5.3.	CONTROL DE ACCESOS.....	26
4.3.6.	INTERFACE COS PAU	26
4.4.	FICHAS DE ACTUACIÓN	26
5.	ANEXOS	36
ANEXO 1.	DIRECTORIO TELEFÓNICO	37
ANEXO 2.	MODELO DE DECLARACIÓN DE ACTIVACIÓN E OUTROS COMUNICADOS.....	38
ANEXO 3.	CONSELLOS DE AUTOPROTECCIÓN FRONTE AO RISCO	42
ANEXO 4.	PLANS DE AUTOPROTECCIÓN ASOCIADOS (SE É O CASO).....	43
ANEXO 5.	CARTOGRAFÍA ESPECÍFICA	44
ANEXO 6.	ELEMENTOS VULNERABLES	45
ANEXO 7.	CATÁLOGO DE MEDIOS E RECURSOS ASOCIADOS A ESTE PAM.....	46
ANEXO 8.	REGULAMENTACIÓN	47

1. FUNDAMENTOS: OBXECTO E ÁMBITO

2. ANÁLISE DO RISCO E VULNERABILIDADE

2.1. DESCRIPCIÓN DO TERMO MUNICIPAL

2.1.1. SITUACIÓN XEOGRÁFICA

O concello de está situado ao da comarca de na provincia de, coas coordenadas xeográficas (UTM).

Limita cos municipios de:

Nome do concello	Situación (N/S/E/O)	Teléfono do Concello

2.1.2. SUPERFICIE

Superficie total	km ²
Superficie urbana	km ²
Superficie forestal	km ²
Superficie agrícola	km ²

2.1.3. POBOACIÓN

Segundo datos do último censo de poboación, o concello de rexistra un total de habitantes.

A distribución de parroquias que conforman o concello e a súa poboación correspondente indícase na seguinte táboa.

Parroquia	Número de habitantes

2.1.4. ALTITUDE

Altitude máxima do concello	m
Altitude mínima do concello	m
Altitude do núcleo urbano	m

2.1.5. HIDROLOXÍA

A rede hidrolóxica do concello está formada por:

Ríos	
Rías destacables	
Torrentes destacables	
Canais	
Lagos	
Encoros	

2.1.6. REDE VIARIA

No cadro seguinte recóllense as vías de comunicación principais que pasan ou enlazan o termo municipal.

Estrada	Titularidade	Puntos quilométricos		Pontes e/ou túneles

2.1.7. REDE FERROVIARIA

A rede de ferrocarril do concello está composta por:

Liña de ferrocarril	Estacións/Apeadoiros	Pontes e/ou túneles

2.1.8. REDE DE GAS

A características da rede de gas do municipio recóllese na seguinte táboa:

Liña de gasificación	Compañía

2.1.9. REDE ELÉCTRICA

A rede de distribución eléctrica principal do concello está integrada polas liñas indicadas a continuación:

Liña eléctrica/Estacións transformadoras	Tipos	Compañía

2.1.10. REDE DE AUGA POTABLE

A infraestrutura de distribución auga está formada por:

Núcleos de poboación	Compañía	Descrición do abastecemento	Depósitos	Estacións depuradoras/potabilizadoras

2.1.11. DATOS METEOROLÓXICOS

Estacións meteorolóxicas existentes no concello (ou máis próximas)

Localización	Características

Características meteorolóxicas do municipio

Dirección dos ventos dominantes	Frecuencia

Fenómeno	Descrición e época
Precipitacións	
Néboa	
Tormentas	

2.2. DATOS ESPECÍFICOS ASOCIADOS AOS RISCOS

Ríos/canais

Nome	Localización	Características

Zonas próximas á costa (portos, paseos marítimos, praias, rías, etc...) con perigo de inundación por efectos do mar (ondada, mareas...)

Nome	Localización	Características

Plan de actuación municipal do concello de <<NOME DO MUNICIPIO>>

fronte ao risco de inundacións

Infraestruturas asociadas destacables: pontes, presas, encoros, balsas, etc.

Nome	Localización	Características

Outros lugares con perigo de inundación (antigas lagoas, deltas, etc.)

Nome	Localización	Características

Puntos de aforo ou lugares de vixilancia do nivel de auga

Nome	Localización	Características

Consultar a cartografía nos Anexos deste manual.

2.3. RESUMO DA ANÁLISE DO RISCO

Clasificación do risco do municipio segundo o Plan INUNGAL na Comunidade Autónoma de Galicia, plan INUNGAL:

De acordo coa análise histórica, no municipio tiveron lugar as seguintes inundacións:

Zona afectada	Descrición	Ano	Dano

Comentario [X1]: Se incluíra a información do anexo da análise de risco contida no plan inungal, indicando as ARPSIS que hai no concello

Comentario [c2]: Os concellos costeiros deben incluír as inundacións provocadas por efectos das ondas

2.4. ÁREAS OU SECTORES AFECTADOS

Achéganse na seguinte táboa as áreas con risco de inundación e os puntos que, en caso de quedar afectados poden dar lugar, por efecto dominó, a accidentes con afeccións

importantes á poboación.

Áreas/Sectores de inundación	Localización	Puntos singulares respecto a o efecto dominó

Comentario [X3]: Incluirase a información, máis detallada, dos mapas de risco que se poden consultar no sistema nacional de cartografía de zonas inundables, máis aquela da que haxa constancia no concello

Comentario [c4]: Instalacións industriais, almacéns, etc., que en caso de quedar afectados poden dar lugar a accidentes con afectación importante é poboación.

Puntos de actuación prioritaria:

Puntos conflictivos na rede de sumidoiros	
Punto	Descrición
Puntos conflictivos por crecida de ríos	
Punto	Descrición

Zonas onde se poden desencadear fenómenos xeolóxicos asociados: desprendementos, caída de rocas, etc.

Zona	Características

Comentario [c5]: Adaptar as características do concello. Consultar o sistema nacional de cartografía de zonas inundables

2.5. ELEMENTOS VULNERABLES

Na seguinte lista enuméranse os principais elementos vulnerables posiblemente afectados segundo a análise de riscos. A lista completa de elementos vulnerables atópase no Anexo 5 con datos máis concretos.

Elemento	Localización	Características

Elementos vulnerables por afectación por mal funcionamento ou rotura dunha presa, balsa,...

Elemento	Localización	Poboación afectada

Elementos vulnerables por inundacións de orixe mariña:

Elemento	Localización	Poboación afectada

Eventos/espectáculos na área de risco:

Nome do evento	Localización	Data	Nº de persoas/ Aforo (aprox.)	Descrición

3. ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO PLAN

3.1. DIRECTOR DO PLAN DE ACTUACIÓN MUNICIPAL

Composición

Nome / Cargo operativo	Cargo habitual	Teléfono de contacto en caso de emerxencia	Nº de ficha de actuación
Titular	Alcalde		1
Substituto/a			1

Funcións

- Declarar a activación e desactivación do PAM. Informar ao director do Plan INUNGAL a través do CIAE-112.
- Convocar aos membros do **Comité Asesor**.
- Constituír e exercer a dirección do **CECOPAL**.
- Informar e coordinarse co director do Plan INUNGAL.
- Analizar e valorar a situación.
- Avaliar e determinar os elementos vulnerables, poñéndoos en coñecemento do director do Plan INUNGAL.
- Decidir en todo momento, xunto co Comité Asesor, as actuacións máis convenientes para facer fronte á emerxencia dentro do seu ámbito de responsabilidade e aplicar as medidas de protección á poboación, aos bens e ao medio ambiente.
- Ordenar a incorporación dos medios e recursos municipais dispoñibles aos grupos operativos do Plan INUNGAL, para garantir a protección e a seguridade da poboación.
- Asegurar o mantemento e a operatividade do Plan de Actuación Municipal.
- Todas aquelas accións necesarias en función do risco.

•

3.2. COMITÉ ASESOR

Composición

Comentario [c6]: Adaptar a composición ao concello

Nome / Cargo operativo	Cargo habitual	Teléfono de contacto en caso de emerxencia	Núm. da ficha de actuación
Director técnico da emerxencia Substituto/a			2
Xefe do grupo local de intervención Substituto/a			4
Xefe do grupo local sanitario Substituto/a			5
Xefe do grupo local de apoio loxístico e de seguridade Substituto/a			6
Xefe do grupo local de apoio técnico Substituto/a			7

Funcións do Comité Asesor:

- Analizar e valorar a situación, asesorando ao director do Plan.

3.3. DIRECTOR TÉCNICO DA EMERXENCIA

Composición

Comentario [c7]: Esta figura recae de forma natural no técnico de protección civil municipal (no caso de existir)

Nome / Cargo operativo	Cargo habitual	Teléfono de contacto en caso de emerxencia	Nº de ficha de actuación
Titular			2
Substituto/a			2

Funcións

- Asesorar ao director do PAM, o alcalde, directamente e como membro do Comité Asesor.
- Coordinar as actuacións dos Grupos Operativos locais coas dos grupos do posto de mando avanzado.

3.4. **GABINETE DE INFORMACIÓN**

Composición

Nome / Cargo operativo	Cargo habitual	Teléfono de contacto en caso de emerxencia	Núm. da ficha de actuación
Titular			3
Substituto/a			3

O Gabinete de Información situarase en

Funcións

Proporcionar soporte ao director do PAM, de forma coordinada coas actuacións do Gabinete de información do Plan INUNGAL nas tarefas seguintes:

- O Gabinete de Información do PAM deberá de estar en contacto permanente co Gabinete de Información do Plan INUNGAL. O titular do Gabinete Municipal de Información asegurará esta coordinación.
- Centralizar, coordinar e preparar a información sobre a emerxencia (elaboración de comunicados, ordes e recomendacións), en coordinación co Gabinete de Información do Plan INUNGAL, facilitándolla á poboación en nome do director do Plan ao través dos medios de comunicación de titularidade propia ou mediante os medios de comunicación social.
- Asistir a toda a prensa proporcionando a información necesaria de carácter municipal, en coordinación co Gabinete de Información do Plan INUNGAL, e corrixindo as informacións erróneas.
- Transmitir os datos significativos ao Gabinete de Información do Plan INUNGAL.

As emisoras de radio que se empregarán como medio de difusión durante a situación de alerta ou emerxencia serán:

Emisora	Frecuencia	Responsable/datos de localización
Radio Galega		
Radio Nacional de España		
Radio local		

Tamén se empregarán os medios de comunicación seguintes:

-
-

3.5. **GRUPOS OPERATIVOS**

3.5.1. **GRUPO LOCAL DE INTERVENCIÓN**

Composición

Nome/Cargo operativo	Cargo habitual	Localización	Teléfono de contacto en caso de emerxencia	Núm. da ficha de actuación
				4
				4

Comentario [c8]: Se non existen persoas para realizar unha determinada tarefa, o grupo quedará baleiro e se fará constar no punto correspondente.

Comentario [c9]: Estará constituído basicamente polo persoal do SEIS do concello ou do Parque Comarcal correspondente, polo persoal do servizo municipal de protección civil, do GES, etc. (no caso de existir). Pode estar tamén constituído por persoal da brigada de obras, en función dos recursos propios do concello

Funcións

❖ Colaborar nas tarefas seguintes, de acordo co xefe do Grupo de Intervención do Plan INUNGAL (no caso de terse activado o devandito Plan):

- Controlar, reducir ou neutralizar os efectos.
- Participar nas tarefas de rescate e salvamento de persoas e bens.

❖ Asesorar e informar ao Director do PAM da evolución da situación en tempo real.

3.5.2. **GRUPO LOCAL SANITARIO**

Composición

Nome/Cargo operativo	Cargo habitual	Localización	Teléfono de contacto en caso de emerxencia	Núm. da ficha de actuación
Titular				5
Substituto/a				5

Comentario [c10]: Pode incluírse neste grupo persoal da área de servizos sociais e do departamento de sanidade do concello. No se incluírán persoas non preparadas para realizar as tarefas sanitarias.

Funcións

❖ Colaborar nas tarefas seguintes, de acordo co xefe do Grupo Sanitario do Plan INUNGAL (no caso de terse activado o devandito Plan):

- Informarse da situación sanitaria na área da emerxencia.

- Establecer e controlar a área sanitaria nunha zona adecuada e segura, próxima ao lugar da emerxencia, de acordo co responsable do Posto de Mando Avanzado (PMA).
- Coñecer o estado e a situación dos afectados.
- Prestar asistencia sanitaria in situ.
- Clasificar, estabilizar e evacuar aos feridos.
- Organizar a infraestrutura de recepción hospitalaria.
- Coordinar o traslado dos feridos aos centros hospitalarios receptores.
- Identificar as vítimas en primeira instancia en colaboración cos servizos correspondentes.
- Cubrir as necesidades farmacéuticas.
- Vixiar e controlar a potabilidade das augas e a hixiene dos alimentos.
- Prestar atención psicolóxica aos afectados e aos familiares.
- Realizar tarefas de saúde pública.
- Coordinar as actuacións cos outros grupos ao través do PMA.

❖ Asesorar e informar ao Director do PAM da evolución da situación en tempo real.

3.5.3. GRUPO LOCAL DE APOIO LOXÍSTICO E DE SEGURIDADE

Composición

Nome / Cargo operativo	Cargo habitual	Localización	Núm. da ficha de actuación
Responsable de equipo operativo de apoio loxístico Substituto/a			6
Responsable de equipo operativo de seguridade Substituto/a			6

3.5.3.1. EQUIPO OPERATIVO DE APOIO LOXÍSTICO

Funcións

- ❖ Colaborar nas tarefas seguintes, de acordo co xefe do Grupo de Apoio Loxístico do Plan INUNGAL:
 - Asesorar a provisión dos recursos complementarios que o director do Plan INUNGAL e os Grupos Operativos necesiten para cumprir as súas misións e a mobilización destes medios. Xestionar os recursos e medios municipais (públicos e privados) para poñelos a disposición dos grupos.
 - Función loxística municipal e xestión dos servizos básicos municipais (servizos municipais de auga, de recollida de escombros...). Organizar e dirixir as accións e traballos a realizar para restablecer os servizos básicos municipais.
 - Proporcionar soporte á constitución do PMA.
 - Subministrar material lixeiro e pesado de traballo e transporte.
 - Proporcionar soporte para o abastecemento do persoal dos grupos e combustible para os vehículos e as máquinas.
 - Preparar, no caso que sexa necesario, os lugares de acollida no caso de evacuación ou afastamento.
 - Garantir as comunicacións entre os distintos Grupos Operativos, CECOPAL, PMA, etc.
 - Establecer sistemas complementarios alternativos de comunicacións cando sexa necesario.
 - Proporcionar soporte técnico.
 - Coordinar as súas actuacións cos outros grupos a través do PMA.
- ❖ Asesorar e informar ao Director do PAM sobre a evolución da situación en tempo real.

3.5.3.2. EQUIPO OPERATIVO DE SEGURIDADE

Funcións

- ❖ Colaborar nas tarefas, de acordo co xefe do Grupo de Seguridade do Plan INUNGAL:
 - Recibir e notificar en primeira instancia e de forma inmediata a existencia da

emerxencia ao CIAE-112.

- Avisar e informar a poboación afectada e, en particular, aos elementos especialmente vulnerables.
- Comunicar á poboación as medidas a adoptar, e asegurar a súa aplicación.
- Executar as medidas de protección sobre os elementos vulnerables: coordinar e executar a evacuación ou o afastamento da poboación, de acordo coas indicacións do director do Plan INUNGAL e asegurar a súa aplicación. Coordinar as tarefas.
- Efectuar a relación de persoas afectadas (evacuadas).
- Garantir a seguridade cidadá na zona de risco.
- Garantir que os Grupos Operativos poden actuar sen ningún impedimento.
- Garantir o control de accesos e a vixilancia viaria das zonas afectadas. Garantir o control de tránsito de acceso dos compoñentes dos grupos á zona da emerxencia; especialmente, sinalizar e guiar aos actantes cara o Posto de Mando Avanzado e cara a área sanitaria.
- Coordinar as súas actuacións coas dos outros grupos a través do PMA.

❖ Asesorar e informar ao Director do PAM da evolución da situación en tempo real.

3.5.4. GRUPO LOCAL DE APOIO TÉCNICO E REHABILITACIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS

Composición

Nome / Cargo operativo	Cargo habitual	Localización
Xefe de Grupo		
Substituto/a		

Funcións

❖ Colaborar nas tarefas seguintes, de acordo co xefe do Grupo de Rehabilitación dos Servizos Públicos do Plan INUNGAL:

- Propoñer as medidas de carácter corrector precisas para facer fronte, controlar ou minorar as consecuencias de determinados tipos de riscos.
- Avaliar os equipos necesario para a aplicación destas medidas.
- Executar as medidas necesarias para conseguir a rehabilitación e restablecemento

dos servizos públicos esenciais: auga, luz, teléfono, gas, combustibles.

- Proporcionar solucións alternativas de carácter temporal antes do restablecemento normal destes.

❖ Asesorar e informar ao Director do PAM da evolución da situación en tempo real.

3.6. CENTROS DE COORDINACIÓN

3.6.1. CENTRO DE COORDINACIÓN OPERATIVA MUNICIPAL (CECOPAL)

Dirección	
Teléfono/Fax	
Recursos	
Outras comunicacións	

Funcións

- É o Centro de Coordinación Municipal, que realiza as accións determinadas polo director do Plan. Desde o mesmo diríxense e coordínanse as actuacións dos diversos servizos relacionados co Plan.
- Manter contacto directo e continuo co CIAE-112.
- Notificar aos Grupos Operativos e ao CIAE-112 a activación e a desactivación do PAM, e recibir deste centro, seguindo os protocolos, a información relativa á activación, evolución e desactivación do Plan INUNGAL.
- Facilitar, se é necesario, a información á poboación do municipio, cos medios oportunos, segundo as circunstancias de risco e a evolución da situación de emerxencia. Esta información deberá consensuarse coa dirección do Plan INUNGAL.
- Mobilizar e asegurar a transmisión da información e as ordes aos Grupos Operativos locais decididas pola dirección do Plan, así como activar os medios e recursos municipais necesarios.
- Canalizar a orde da autoridade de protección civil municipal de prestación de persoal, a intervención ou a ocupación temporal e transitoria dos bens necesarios para afrontar as situacións de emerxencia.
- Proporcionar soporte aos medios de emerxencia, de seguridade e aos servizos especializados alleos que interveñan no municipio.

3.6.2. POSTO DE MANDO AVANZADO (PMA)

A súa situación, a determina o Director técnico da Emerxencia (pódese constituír máis dun PMA de acordo coas características da emerxencia).

Funcións

- Exercer a coordinación in situ dos traballos dos diferentes Grupos Operativos
- Estar en coordinación co CECOPAL, transmitíndolle información de primeira man.
- Solicitar os medios e recursos precisos para enfrontar a situación.
- Avaliar os danos producidos polo sinistro, baseándose na información recibida dos Grupos Operativos e na previsión de riscos do municipio.

3.6.3. CENTRO DE COORDINACIÓN OPERATIVA (CECOP)

Con carácter xeral, constituirase nas dependencias do CIAE-112, unha vez que se activa o Plan INUNGAL; se as circunstancias o aconsellan, poderá constituírse de forma íntegra ou parcialmente nas proximidades da zona de emerxencia.

Dirección	Avda da Cultura s/n 36680 A Estrada-Pontevedra
Teléfono	112 (gratuíto) 981 958 000 886 15 27 00
Fax	981 541 414 886 15 25 90 886 15 25 91

Funcións

O Centro de Coordinación Operativa (CECOP) constitúese como o centro de mando das emerxencias, que conta cos medios humanos e técnicos que permiten realizar as funcións de dirección e coordinación de recursos, ademais de asegurar as comunicacións co Posto de Mando Avanzado (PMA) e en xeral cos medios externos que puideran verse implicados na emerxencia.

3.6.4. OUTROS CENTROS

4. OPERATIVIDADE E IMPLANTACIÓN DO PLAN

4.1. NIVEIS

PRE-ALERTA

A pre-alerta do PAM por inundacións producirase nos casos seguintes:

- Cando o CIAE-112 informa dun pre-aviso do Plan INUNGAL como consecuencia dunha alerta derivada de aviso meteorolóxico ou dun seguimento pluviométrico.
- Cando o CIAE-112 informa dun pre-aviso do Plan INUNGAL derivado do control de presas, cando o caudal que se desauga da presa está próximo ao caudal que pode producir inundacións augas abaixo desta.

O pre-alerta non implica a activación do Plan.

ALERTA

O Plan activarase en **fase de alerta** cando se produza algunha das situacións seguintes:

- Cando o CIAE-112 informa da activación do Plan INUNGAL en fase de alerta por alerta hidrolóxica ou meteorolóxica que afecta ou pode afectar ao concello.
- Diante de inundacións en zonas de cultivo que non afecten ni poden afectar a persoas, bens e/ou vías de comunicación.
- Cando hai parámetros obxectivos que fan prever inundacións importantes ou inminentes a curto prazo.
- Ao final dunha situación de emerxencia, mentres se realizan as tarefas que permiten o regreso á normalidade.
- Cando o CIAE-112 indique que a presa declarou o escenario 1 (aplicación de medidas correctoras) e/ou a auga que desauga da presa produce desbordamento sen que se produzan danos importantes.

EMERXENCIA:

O Plan activarase en **fase de emerxencia** cando se produza algunha das situacións seguintes:

- Cando o CIAE-112 informa da activación do Plan INUNGAL en fase de emerxencia por inundacións que afectan ao concello.

Comentario [c11]: Esta opción unicamente se incluíra no caso que o concello poida quedar afectado por inundacións que se poidan producir por mal funcionamento ou rotura dunha presa.

- Cando se produzan inundacións que poidan comportar, pola súa evolución, un grave risco para o concello.
- Cando o CIAE-112 indique que a presa declarou o escenario 2 (excepcional) e/ou o desaugue da presa sexa o que produce danos importantes.

Comentario [c12]: Esta opción unicamente se incluíra no caso que o concello poida quedar afectado por inundacións que se poidan producir por mal funcionamento ou rotura dunha presa.

4.2. **CRITERIOS DE ACTIVACIÓN**

O nivel de activación do plan é función do tipo de suceso, móstranse na seguinte táboa os diferentes niveis:

Suceso	Nivel de activación
Tarefas de control de presas, se estas implican manobras ordinarias con caudais superiores aos habituais	Pre-alerta (Non activación)
Tarefas de control de presas, cando a auga que se desauga da presa está próximo ao caudal que pode producir inundacións augas abaixo desta	Pre-alerta (Non activación)
Predición de choivas intensas	Pre-alerta / Alerta
Inundacións de zonas sen presenza de poboación	Alerta
Predición de inundacións inminentes por información meteorolóxica e/ou hidrolóxica	Alerta
Afectación por mal funcionamento da presa (escenario 1 o superior)	Alerta / Emerxencia
Inundacións con posibilidade de afectación leve a habitantes illados, instalacións comerciais, industriais, agrícolas, gandeiras, servizos básicos, etc.	Alerta / Emerxencia
Inundacións con posibilidade de afectación importante a núcleos de poboación, grandes instalacións comerciais, industriais ou agrícolas, servizos básicos, vías de comunicación, infraestruturas, ganderías, etc.	Emerxencia

4.3. PROCEDEMENTOS XERAIS

4.3.1. ACTUACIÓN XERAIS

En época de risco, débense levar a cabo as seguintes accións:

-
-
-

Ante un aviso preventivo (Pre-alerta), levaranse a cabo as actuacións seguintes

- Seguimento da situación (este seguimento é de tipo interno e polo tanto non sempre se contempla a información á poboación).
- Transmitir a información sobre calquera anomalía detectada que poida ser significativa. Concretamente, informase aos centros de coordinación e aos Grupos Operativos locais, se é o caso, de acordo cos procedementos establecidos.
- Unha posible convocatoria do Comité Asesor municipal, se se considera necesario.
- Comunicar ao CIAE-112 que o PAM por inundacións se atopa en situación de pre-alerta.

4.3.2. *PROCEDEMENTOS DE ACTIVACIÓN. INTERFACE CON PLANS SUPERIORES*

Detección e notificación dunha situación de emerxencia

Os avisos de emerxencia que recibe o concello deberán comunicarse inmediatamente a:

Centro Integrado de Atención ás Emerxencias CIAE -112 Galicia

4.3.3. *PROCEDEMENTOS DE ACTIVACIÓN*

O **CIAE-112** deberá informar aos concellos afectados ou potencialmente afectados pola inundación. O centro de recepción de chamadas do concello encargárase de comunicarllo ao alcalde.

En función dos niveis e criterios establecidos no punto 3, o PAM, será activado polo alcalde mediante o procedemento establecido, directamente ou a proposta do director do Plan INUNGAL a través do **CIAE-112**.

A interface entre o PAM e o Plan INUNGAL queda definida a partir de:

- A chamada ao CIAE-112 que informa ou confirma a activación do PAM.
- A coordinación do director do PAM e do director do INUNGAL.
- A configuración dos Grupos Operativos locais establecidos, e a súa integración en caso de activación do plan autonómico, nos grupos operativos previstos no INUNGAL.

Ao producirse a **Activación do PAM**, deberá procederse a:

- Aviso de activación aos xefes dos Grupos Operativos locais. Normalmente farase ao través dunha chamada.
- Constitución dos Grupos Operativos locais.
- Constitución do **CECOPAL**.
- Información á poboación sobre a activación do PAM e das medidas de protección a seguir de acordo coas indicacións do director do Plan INUNGAL.
- No caso de se constituír o **PMA**, establecemento dun contacto permanente.
- Mobilización de medios e recursos asignados ao Plan.
- Activación dos Plans de autoprotección da zona afectada, no seu caso.

4.3.3.1. PROCEDIMENTOS DE ACTUACIÓN

Unha vez activado o Plan e constituído o Consello Asesor, o **CECOPAL** e os **Grupos Operativos** locais, o director do PAM deberá de manter contacto permanente co director do Plan INUNGAL, co **PMA** e cos responsables dos Plans de Autoprotección correspondentes.

4.3.3.2. ACTUACIÓN DOS GRUPOS OPERATIVOS

Ver as fichas dos procedementos de actuación dos distintos Grupos Operativos no punto 6.2.

4.3.4. SISTEMAS DE AVISO Á POBOACIÓN

Notificación da alerta á poboación, para poñer en práctica tanto as medidas de autoprotección como o confinamento ou a evacuación.

Responsabilidade: con carácter inmediato, o Alcalde do concello. Unha vez o Plan INUNGAL está activado, esta responsabilidade recae en última instancia no Director

deste Plan.

Dirección e coordinación das tarefas de aviso: o Alcalde do concello, a maiores do dispositivo municipal correspondente, terá o apoio para executar estas tarefas do Grupo Local de Apoio Loxístico e de Seguridade e do Plan INUNGAL.

Destinatarios dos avisos e medios a empregar (elementos vulnerables incluídos no punto 6.5 dos anexos específicos deste manual):

Elemento Vulnerable	Nome da area	Medio de Aviso

Rutas de aviso:

Os comunicados tipo de aviso para evacuación ou confinamento achéganse no Anexo 1 deste manual.

4.3.5. MEDIDAS DE PROTECCIÓN DA POBOACIÓN

4.3.5.1. CONFINAMENTO

As zonas de confinamento defínense de acordo coa localización e as características da emerxencia.

4.3.5.2. EVACUACIÓN E ACOLLIDA

Responsabilidade da decisión de efectuar a evacuación da poboación: con carácter inmediato, o Alcalde do concello. Cando o Plan INUNGAL está activado, esta responsabilidade recae en última instancia no Director deste Plan.

Dirección e coordinación das tarefas de evacuación: o alcalde do concello e o xefe do Grupo Local de Apoio Loxístico e de Seguridade e o do Plan INUNGAL para executalas.

Dirección e coordinación das tarefas de acollida: o alcalde do concello (a maiores do dispositivo municipal previsto), contando co Grupo Local de Apoio Loxístico e de Seguridade.

Lugares de posible evacuación: as zonas a evacuar se defínense de acordo coa localización e as características da emerxencia.

Centros de acollida de evacuados

A previsión mínima é a seguinte:

Hoteis ou centros de acollida	Capacidade	Observacións
Con dormitorios:		

4.3.5.3. CONTROL DE ACCESOS

En función da localización da emerxencia establecerase controis de acceso nos puntos seguintes:

Suposto	Punto	Rutas alternativas

4.3.6. INTERFACE COS PAU

Os edificios, as instalacións, os centros, as urbanizacións, etc., que dispoñen de Plan de autoprotección son:

PAU	Nome do Responsable	Teléfono de contacto en caso de emerxencia	Mecanismos de Interface (notificación)

4.4. FICHAS DE ACTUACIÓN

- FICHA 1 ----- DIRECTOR DO PAM
- FICHA 2 ----- DIRECTOR TÉCNICO DA EMERXENCIA
- FICHA 3 ----- XEFE DO GABINETE DE INFORMACIÓN
- FICHA 4 ----- XEFE DEL GRUPO LOCAL DE INTERVENCIÓN
- FICHA 5 ----- XEFE DO GRUPO LOCAL SANITARIO
- FICHA 6 ----- XEFE DO GRUPO LOCAL DE APOIO LOXÍSTICO E DE SEGURIDADE
- FICHA 7 ----- XEFE DO GRUPO LOCAL DE APOIO TÉCNICO

Comentario [c13]: Deben adaptarse á realidade municipal.

FICHA DE ACTUACIÓN 1	DIRECTOR DO PAM
ACCIÓNS A REALIZAR	
<u>FUNCÍONS / ACCIÓNS</u>	
<ul style="list-style-type: none"> • Avisado do sinistro ou da previsión de risco: deberá informar aos órganos e autoridades que se indiquen en cada caso (<i>consultar anexo específico</i>). • Contactar co CIAE-112 para: <ul style="list-style-type: none"> - Confirmar o aviso, ampliar e contrastar a información. - Preguntar se se activou o Plan INUNGAL e se se constituíu o PMA (en caso afirmativo, preguntar onde se localiza e a forma de comunicación prevista). - Preguntar os teléfonos de contacto do Concello e do CECOPAL. • Facer unha valoración inicial (ampliando, se é necesario, a información): <ul style="list-style-type: none"> - Determinar con exactitude o lugar e o alcance do accidente. - Persoas afectadas. - Danos materiais 	
<u>Fase Alerta</u>	
<ul style="list-style-type: none"> • Dar a orden de tomar as medidas preventivas necesarias. • Se o considera conveniente, dar a orde de activar formalmente o Plan no nivel de alerta e dar o aviso aos membros do Comité Asesor, sen convocalos. Comunicar esta activación ao CIAE-112. • Facer un seguimento da alerta e, se o cree conveniente, dirixirse ao CECOPAL. • Facer o mantemento de contactos co CIAE-112. 	
<u>Fase Emerxencia</u>	
<ul style="list-style-type: none"> • Debe contactar co director do Plan INUNGAL para concretar a activación do Plan de forma coordinada. Debe de activar o Plan no nivel de emerxencia e comunicar esta activación ao CIAE-112. • Co Comité Asesor, debe decidir a constitución dos Grupos Operativos locais. • Constituír o CECOPAL. Deberá de ampliar, se é posible, as liñas e os aparellos de comunicación (teléfono, fax e radio). • Avaliar os posibles riscos á poboación. • Dar a orde de tomar as medidas preventivas necesarias e/ou de intervención no sinistro. • Verificar a realización das tarefas encomendadas ao municipio. Especialmente: <ul style="list-style-type: none"> - Avisos á poboación, especialmente aos elementos vulnerables. - Tarefas de evacuación e acollida. - Organización da loxística municipal. - Apoio á intervención. • Solicitar, no caso de ser necesario, o apoio dos grupos actuantes do Plan INUNGAL. • Facer o seguimento do accidente desde o CECOPAL. Ao longo da emerxencia debe manter contactos co director do Plan INUNGAL, e o PMA, para facer o seguimento da emerxencia, contrastando informacións e previndo posibles necesidades. • Recoller información e transmitir os datos significativos ao Gabinete de Información. Conxuntamente con este Gabinete de Información, atenderá á prensa que se atopa cubrindo a emerxencia. Transmitirá, unicamente, a información a nivel municipal. Os datos de carácter global, proporcionaraos sempre o Gabinete de Información do Plan INUNGAL. 	
<u>MEDIOS E RECURSOS</u>	
<ul style="list-style-type: none"> • Os propios do Concello. • Servizos, empresas e persoas do municipio. 	
<u>LUGAR ONDE DIRIXIRSE</u>	
<ul style="list-style-type: none"> • CECOPAL 	
<u>DOCUMENTACIÓN NECESARIA</u>	
<ul style="list-style-type: none"> • Cartografía xeral e cartografía específica (<i>ver anexo específico deste manual</i>). • Modelos de comunicados: de activación, de desactivación, de evacuación e de confinamento. • Plan INUNGAL. 	

FICHA DE ACTUACIÓN 2	DIRECTOR TÉCNICO DA EMERXENCIA
ACCIÓNS A REALIZAR	
<u>FUNCIÓNS / ACCIÓNS</u>	
<ul style="list-style-type: none">• Aviso do sinistro ou previsión do risco.• Valoración inicial.	
<u>Fase Alerta</u>	
<ul style="list-style-type: none">• Se o cree conveniente, aviso ao responsable do Plan, mantendo o contacto para indicarlle como evoluciona o sinistro.• Se o cree conveniente, suxerir ao responsable do Plan (o Alcalde) dar a orde de avisar a aquelas persoas ou aqueles servizos que teñen que tomar as medidas preventivas necesarias (en caso de avisalos, será o encargado de coordinalos).• Estar en alerta e facer o seguimento.	
<u>Fase Emerxencia</u>	
<ul style="list-style-type: none">• Aviso ao responsable do Plan (alcalde).• Suxerir ao responsable do Plan (alcalde) dar a orde de avisar a aquelas persoas ou aqueles servizos que teñen que tomar as medidas preventivas necesarias e/ou intervir no sinistro.• Coordinar aos servizos municipais que estean actuando no sinistro ou tomando medidas preventivas.• Dirixirse ao CECOPAL.	
<u>MEDIOS E RECURSOS</u>	
<ul style="list-style-type: none">• Comunicaci3ns	
<u>LUGAR ONDE DIRIXIRSE</u>	
<ul style="list-style-type: none">• En caso que se activo o Plan, ao CECOPAL.• No caso de terse constituído, ao PMA.	
<u>DOCUMENTACIÓN NECESARIA</u>	
<ul style="list-style-type: none">• Listados telef3nicos.• Cartografía xeral e cartografía específica (<i>ver anexo específico deste manual</i>).• Modelos de comunicados.• Plan INUNGAL.	

FICHA DE ACTUACIÓN 3	XEFE DO GABINETE DE INFORMACIÓN
ACCIÓNS A REALIZAR	
<u>FUNCIÓNS / ACCIÓNS</u>	
<ul style="list-style-type: none">• Centralizar, coordinar e preparar a información que recibe sobre a emerxencia e facilitarlla á poboación, aos grupos operativos ou a outras administracións ao través dos medios de comunicación.	
<u>Fase Alerta</u>	
<ul style="list-style-type: none">• Difundir en nome do Director a declaración de Alerta do Plan de Emerxencia Municipal.• Difundir os consellos de autoprotección adecuados á poboación durante a situación de risco (<i>ver anexo específico</i>).• Recoller e difundir a información sobre a situación de risco.• Difundir en nome do Director a desactivación do Plan.• Unha vez pasada a situación de risco, atender aos medios de comunicación social, proporcionándolles a información necesaria e corrixindo informacións erróneas.	
<u>Fase Emerxencia</u>	
<ul style="list-style-type: none">• Difundir en nome do Director a declaración de Emerxencia do Plan de Emerxencia Municipal.• Preparar e difundir as mensaxes de información á poboación durante a situación de emerxencia (<i>ver anexo específico</i>):<ul style="list-style-type: none">- Sobre o risco e sobre as medidas de autoprotección.- Sobre as medidas que se están levando a cabo para resolver a situación e para manter as subministracións esenciais.• Recoller e difundir a información sobre a situación de risco, en coordinación co Gabinete de Prensa do Plan INUNGAL.• De ser o caso, control do listado de persoas evacuadas e/ou confinadas e lugar onde están situadas, ao través do Grupo Local de Apoio Loxístico e de Seguridade.• Se é necesario garantir a constitución dun punto de información á poboación e aos medios de comunicación, con información da localización dos afectados e con información contrastada e autorizada sobre o sinistro e os medios dispostos para resolvelo.• Difundir en nome do Director a desactivación do Plan.• Pasada a emerxencia, atender aos medios de comunicación social, proporcionando a información necesaria e corrixindo informacións erróneas.	
<u>MEDIOS E RECURSOS</u>	
<ul style="list-style-type: none">•	
<u>LUGAR ONDE DIRIXIRSE</u>	
<ul style="list-style-type: none">•	
<u>DOCUMENTACIÓN NECESARIA</u>	
<ul style="list-style-type: none">•	

FICHA DE ACTUACIÓN 4	XEFE DO GRUPO LOCAL DE INTERVENCIÓN
ACCIÓNS A REALIZAR	
<u>FUNCIÓNS / ACCIÓNS</u>	
<u>Unha vez recibido o aviso da situación de emerxencia por inundacións:</u>	
<ul style="list-style-type: none">• Debe contactar co alcalde (ou u seu substituto), demandando información e instrucións. Se o alcalde constitúe o CECOPAL, desprazarase ata o mesmo.• Debe contactar cos membros do Grupo e convocalos no Concello.• De acordo co alcalde e segundo as necesidades, constituirá o Grupo co persoal axeitado que reúna as seguintes características:<ul style="list-style-type: none">- Tendo en conta as características físicas e os coñecementos, os equipos de axuda á intervención• Organizar os relevos cando sexa conveniente.• De acordo co responsable do Grupo Local de Apoio Loxístico e de Seguridade, organizar o avituallamento dos equipos.	
<u>MEDIOS E RECURSOS</u>	
<ul style="list-style-type: none">•	
<u>LUGAR ONDE DIRIXIRSE</u>	
<ul style="list-style-type: none">• Lugar da emerxencia• PMA• CECOPAL	
<u>DOCUMENTACIÓN NECESARIA</u>	
<ul style="list-style-type: none">• PAM• Inungal	

FICHA DE ACTUACIÓN 5	XEFE DO GRUPO LOCAL SANITARIO
ACCIÓNS A REALIZAR	
<u>FUNCIÓNS / ACCIÓNS</u>	
<ul style="list-style-type: none">• Contactar co alcalde, demandando información e instrucións. Se o alcalde constitúe o CECOPAL, desprazarse ata alí.• Activar o Grupo Local Sanitario.• Unha vez declarada a activación do PAM, o responsable do Grupo asignará asistencia sanitaria no lugar do accidente desde onde se asistirá e decidirá o traslado de posibles vítimas ao hospital máis próximo ou ao máis indicado.• Decidir a localización das ambulancias necesarias, de acordo co xefe do Grupo de Intervención.• Organizar, conxuntamente co xefe do Grupo de Apoio Loxístico e de Seguridade, a asistencia sanitaria das persoas evacuadas aos lugares de acollida do concello, se é o caso.	
<u>MEDIOS E RECURSOS</u>	
<ul style="list-style-type: none">•	
<u>LUGAR ON DIRIXIRSE</u>	
<ul style="list-style-type: none">• CECOPAL	
<u>DOCUMENTACIÓN NECESARIA</u>	
<ul style="list-style-type: none">• PAM	

FICHA DE ACTUACIÓN 6	XEFE DO GRUPO LOCAL DE APOIO LOXÍSTICO E DE SEGURIDADE
ACCIÓN A REALIZAR	
<u>FUNCIÓNS / ACCIÓN</u>	
<ul style="list-style-type: none">• Contactar co alcalde, demandando información e instrucións. Se o alcalde constitúe o CECOPAL, desprazarse ata alí.• Activar o Grupo Local de Apoio Loxístico e de Seguridade.	
<u>ACCIÓN RESPONSABLE EQUIPO OPERATIVO DE APOIO LOXÍSTICO</u>	
<ul style="list-style-type: none">• Cuantificar, prever e ter localizados os medios extraordinarios dispoñibles no municipio (<i>ver en anexos, o directorio telefónico que acompaña a este manual</i>).• Contactar co Grupo Loxístico do Plan INUNGAL para xestionar de mutuo acordo a demanda dos recursos necesarios, públicos ou privados, que se poden obter no termo municipal.• Controlar o uso dos recursos xestionados e o seu estado.• Se é o caso, activación dos centros de acollida e os seus responsables.• Se é o caso, establecerá, xuntamente co Grupo Loxístico do Plan INUNGAL, o reforzo das comunicacións do centro de acollida.• Se é o caso, deberá preverse, xunto co Grupo Loxístico do Plan INUNGAL, o avituallamento dos centros de acollida.• Se é o caso, manterá contacto co xefe e organizará, xuntamente co Grupo Sanitario do Plan INUNGAL, posibles atencións nos centros de acollida.• A demanda de recursos alleos ao municipio farase sempre desde o CIAE-112.	
<u>ACCIONS RESPONSABLE EQUIPO OPERATIVO DE SEGURIDADE</u>	
<ul style="list-style-type: none">• Establecer o aviso telefónico e/ou o desprazamento aos núcleos illados. Considerar se é necesario o confinamento ou a evacuación. (<i>Ver o directorio telefónico e o cadro de elementos vulnerables nos anexos que acompañan a este manual</i>).• Determinar conxuntamente co alcalde a necesidade de informar ao conxunto da poboación.• En caso de evacuación, determinarase conxuntamente co alcalde, en función da área a evacuar, o centro ou centros de acollida.• Encargar aos membros do grupo:<ul style="list-style-type: none">- O control de accesos nas vías que permiten acceder aos lugares de intervención, para impedir o acceso de persoas non autorizadas.- Sinalización das vías de acceso, para favorecer a chegada dos grupos actuantes.• Establecer a mensaxe e determinar as rutas de aviso e evacuación.• Mobilizar, en caso de ser necesario, os medios de transporte necesarios para a evacuación.• Executar a evacuación.• Prever, xuntamente co Xefe do grupo de Seguridade do Plan INUNGAL, a vixilancia das zonas evacuadas.	
<u>MEDIOS E RECURSOS</u>	
<ul style="list-style-type: none">•	
<u>LUGAR ONDE DIRIXIRSE</u>	
<ul style="list-style-type: none">• CECOPAL• PMA	
<u>DOCUMENTACIÓN NECESARIA</u>	
<ul style="list-style-type: none">• PAM• Inungal	

FICHA DE ACTUACIÓN 7	XEFE DO GRUPO LOCAL DE APOIO TÉCNICO
ACCIÓN A REALIZAR	
<p><u>FUNCÍONS / ACCÍONS</u></p> <ul style="list-style-type: none">• Contactar co alcalde, demandando información e instrucións. Se o alcalde constitúe o CECOPAL, desprazarse ata alí.• Activar o Grupo Local de Apoio técnico.• Poñerse en contacto coas empresas subministradoras dos servizos públicos esenciais (auga, luz, teléfono, etc.), informándose da situación e executando as medidas necesarias para o restablecemento dos mesmos.• Decidir a aplicación de solucións alternativas mentres non se restablecen os servizos públicos. <p><u>MEDIOS E RECURSOS</u></p> <ul style="list-style-type: none">• <p><u>LUGAR ON DIRIXIRSE</u></p> <ul style="list-style-type: none">• CECOPAL <p><u>DOCUMENTACIÓN NECESARIA</u></p>	

FICHA DE ACTUACIÓN	
ACCIÓNS A REALIZAR	
<p><u>FUNCIÓNS / ACCIÓNS</u> (en situación de alerta e en situación de emerxencia, para cada nivel, se é o caso)</p> <ul style="list-style-type: none">• <p><u>Fase Alerta</u></p> <ul style="list-style-type: none">• <p><u>Fase Emerxencia</u></p> <ul style="list-style-type: none">• <p><u>MEDIOS E RECURSOS</u></p> <ul style="list-style-type: none">• <p><u>LUGAR ONDE DIRIXIRSE</u></p> <ul style="list-style-type: none">• <p><u>DOCUMENTACIÓN NECESARIA</u></p> <ul style="list-style-type: none">•	

5. ANEXOS

ANEXO 1. DIRECTORIO TELEFÓNICO

Comentario [c14]: Adaptar á estrutura do concello

Cando se teña coñecemento dun accidente, poñerase en marcha o Plan de chamadas de acordo coa lista seguinte:

Responsable	Nome	Teléfono de contacto en caso de emerxencia
CECOP/CIAE-112		112
Director do PAM		
Director técnico da emerxencia		
Xefe do Gabinete de Información		
Xefe do Grupo Local de Intervención		
Xefe do Grupo Local Sanitario		
Xefe do Grupo Local de Apoio Loxístico e de Seguridade		
Xefe do Grupo Local de Apoio técnico		
Substituto do Gabinete de Información		
Substituto do Grupo Local de Intervención		
Substituto do Grupo Local Sanitario		
Substituto do Grupo Local de Apoio Loxístico e de Seguridade		
Substituto do Grupo Local de Apoio técnico		

O contido das chamadas dependerá da decisión do alcalde: información unicamente, ou ben información e convocatoria do Comité Asesor ao CECOPAL.

Municipios próximos:

Nome do municipio	Teléfono de contacto en caso de emerxencia

ANEXO 2. MODELO DE DECLARACIÓN DE ACTIVACIÓN E OUTROS COMUNICADOS

1. MODELO DE DECLARACIÓN FORMAL DE SITUACIÓN DE PRE-ALERTA DO PLAN DE PROTECCIÓN CIVIL POR RISCO DE INUNDACIONES

NOTIFICACIÓN DE COMUNICACIÓN DE SITUACIÓN DE <i>PRE-ALERTA</i> DO PLAN DE ACTUACIÓN MUNICIPAL POR RISCO DE INUNDACIONES
<p>(enviar ao CIAE-112 por telefax)</p> <p>....., Alcalde do concello de</p> <p>DECLARO: <u>A SITUACIÓN DE PRE-ALERTA</u> do PAM, a causa de</p> <p>As medidas previstas son:</p> <ul style="list-style-type: none">•• <p>O Alcalde:</p> <p>En, a de de 201</p>

2. MODELO DE DECLARACIÓN FORMAL DE ACTIVACIÓN E DESACTIVACIÓN DO PAM EN ALERTA/EMERXENCIA

NOTIFICACIÓN DE ACTIVACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN MUNICIPAL POR RISCO DE INUNDACIONES EN <i>ALERTA</i>
<p>(enviar ao CIAE-112 por telefax)</p> <p>....., Alcalde do concello de</p> <p>DECLARO: <u>ACTIVADO</u> o PAM, a causa de <u>ALERTADO</u> o Comité Asesor</p> <p>As medidas previstas son:</p> <ul style="list-style-type: none">•• <p>O Alcalde/Alcaldesa:</p> <p>En, a de de 201</p>

NOTIFICACIÓN DE ACTIVACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN MUNICIPAL POR RISCO DE INUNDACIÓN EN *EMERXENCIA*

(enviar ao **CIAE-112** por telefax)

....., Alcalde do concello de

DECLARO:

ACTIVADO o Plan de protección civil municipal, a causa de

CONSTITUÍDO o **Comité Asesor**.

As **medidas** previstas son:

-
-

O Alcalde/Alcaldesa

En, a de de 201

NOTIFICACIÓN DE DESACTIVACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN MUNICIPAL POR RISCO DE INUNDACIÓN

(enviar ao **CIAE-112** por telefax)

....., Alcalde do concello de,
e xa que ten desaparecido todo o risco,

DECLARO:

DESACTIVADO o PAM, a causa de, e a volta á normalidade.

DISOLTO o **Comité Asesor**.

O Alcalde/Alcaldesa

En, a de de 201

2. MODELOS DE BANDO PARA ORDES DE EVACUACIÓN OU DE CONFINAMENTO

BANDO – ORDE DE EVACUACIÓN

O concello de comunica que se debe evacuar a zona
(especificar nome de rúas/zonas) Seguindo as seguintes instrucións:

- Diríxanse cos seus vehículos a (*especificar traxecto ou ruta a seguir, si procede*)
- Se non posúe medio de transporte propio, diríxase a (*especificar dirección*)
- Leve consigo unicamente o que sexa imprescindible (documentación; medicación, se a precisa; cartos...). Se vostede vai moi cargado, a evacuación non poderá ser tan rápida e áxil como é necesario.

BANDO – ORDE DE CONFINAMENTO

O concello de..... comunica que a poboación, barrio, debe quedarse confinada ou pechada na súa casa. Sigán as seguintes instrucións:

- Péchese na súa casa; se está na calle, péchese no edificio máis próximo.
- Peche portas e fiestras.
- Pare os sistemas de ventilación e climatización.
- Escoite a radio: irase informando da situación
- Non salga de casa ata que se indique.

3. MODELOS DE COMUNICADO DE AVISO DE EVACUACIÓN OU CONFINAMENTO

COMUNICADO DE EVACUACIÓN

ATENCIÓN, ATENCIÓN O Concello comunica que se debe evacuar esta zona. Siga as seguintes instrucións:

- Diríxanse, cos seus vehículos, a
- Se non posúe medio de transporte, diríxase a
- Peche ben as portas, fiestras e persianas.

En, poderá esperar ata que teña pasado o risco. Seguirase informando.

COMUNICADO DE CONFINAMENTO

ATENCIÓN, ATENCIÓN O Concello comunica á poboación, barrio que debe quedarse confinada ou pechada na súa casa. Siga as seguintes instrucións:

- Péchese na súa casa, se se atopa na rúa fágao no edificio máis próximo
- Peche portas e fiestras
- Pare os sistemas de ventilación e climatización
- Escoite a radio: irase informando da situación
- Non saia de casa a non ser que se lle indique

ANEXO 3. CONSELLOS DE AUTOPROTECCIÓN FRONTE AO RISCO

Comentario [c15]: Consulte os consellos de autoprotección na web <http://riscos.112galicia.org/medi.html>

Plan de actuación municipal do concello de <<NOME DO MUNICIPIO>>

fronte ao risco de inundacións

ANEXO 4. PLANS DE AUTOPROTECCIÓN ASOCIADOS *(se é o caso)*

ANEXO 5. CARTOGRAFÍA ESPECÍFICA

Cartografía específica dos elementos vulnerables do anexo 6 a escala **1:5.000** ou **1:10.000** ou aquela que sexa máis apropiada.

- **Plano 1. Identificación do risco e das infraestruturas básicas e de soporte na actuación**
- **Plano 2. Plano de vulnerabilidade e protección á poboación**

Na cartografía represéntanse os recursos e as infraestruturas da lista de elementos vulnerables que se achega no anexo 6, coa simboloxía e a cor correspondentes.

Comentario [c16]: Pódese agrupar toda a información nun único plano sempre que resulte visualmente claro e se atopa na escala apropiada..

ANEXO 6. ELEMENTOS VULNERABLES

Lista completa dos elementos vulnerables que se sinalaron na cartografía e no punto 2.3 deste manual. Esta lista de elementos vulnerables é exclusiva para o risco para o que se refire este manual.

Elemento	Coordenadas UTM	Poboación afectada	Teléfono de contacto en caso de emerxencia	Época de uso

ANEXO 7. CATÁLOGO DE MEDIOS E RECURSOS ASOCIADOS A ESTE PAM

ANEXO 8. REGULAMENTACIÓN

As seguintes disposicións establecen o marco legal e regulamentario co que se regula a xestión das emerxencias por accidentes no transporte de mercadorías perigosas por estrada e ferrocarril:

- Lei 2/1985, de 21 de xaneiro, sobre Protección Civil.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 5/97, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.
- Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia
- Real Decreto Legislativo, de 18 de abril de 1986, que aproba o texto refundido das disposicións legais en materia de réxime local.
- Real Decreto 407/1992, de 24 de abril, polo que se aproba a Norma Básica de Protección Civil.
- Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e a actuación de voluntarios, agrupacións e entidades colaboradoras en materia de Protección Civil de Galicia.
- Decreto 109/2004, do 27 de maio, de modificación co Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e a actuación de voluntarios, agrupacións e entidades colaboradoras en materia de Protección Civil de Galicia.
- Resolución de 31 de xaneiro de 1995, da Secretaría de Estado de Interior pola que se aproba a Directriz Básica de Planificación de Protección Civil ante o Risco de Inundacións.
- Resolución do 13 de marzo do 2002 da Dirección Xeral de Interior e Protección Civil pola que se dispón a publicación do Plan INUNGAL de Galicia.
- Resolución do 02/08/2010 pola que se publica o Plan Territorial de Emerxencias de Galicia (PLATERGA)

A maiores, a nivel municipal, o concello de conta coa seguinte **regulamentación:**

Comentario [c17]: Indicar se existe regulamentación municipal neste sentido (ordenanzas, plans, etc.)